

# DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

---

M. González González (2002): “A dialectoloxía ó servicio do estudio da estratigrafía do léxico”, en R. Álvarez / F. Dubert / X. Sousa (eds.): *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 29-40.

---



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

# A DIALECTOLOXÍA Ó SERVICIO DO ESTUDIO DA ESTRATIGRAFÍA DO LÉXICO

*Manuel González González*

Instituto da Lingua Galega. USC

## 1. INTRODUCCIÓN

### *1.1. Realidade plurisistemática da lingua*

O termo lingua é, coma tantos outros, polisémico; e moitas discusións, mesmo apaixonadas, sobre certos aspectos da lingua carecerían totalmente de sentido se previamente nos parasemos en algo tan simple e tan elemental como é explicitar a que nos estamos referindo cando utilizámo-la voz *lingua*. Unha distinción que cómpre ter sempre perfectamente clara é a existente entre lingua funcional e lingua cultural. A lingua funcional podémola definir como un sistema de signos coñecido polo emisor e o receptor que serve para comunicarse. É, polo tanto, un sistema, unha estrutura en que tódolos elementos manteñen unha serie de relacións de distinto tipo entre si. Pero o concepto de lingua histórica ou lingua cultural, que se asemella moito máis ó que entendemos por lingua na conversa informal non especializada, engloba unha realidade moito máis ampla que pode incluír distintas linguas funcionais. Dentro dunha mesma lingua histórica existen distintos sistemas diacrónicos (non é o mesmo o sistema do galego do séc. XV có do séc. XX), dia-tópicos (non é o mesmo o sistema do galego que se fala na Fonsagrada có do galego que se fala en Mazaricos), diastráticos (o subsistema fonolóxico de moitos neofalantes galegos, con exclusivamente cinco fonemas vocálicos, con despalatalización do fonema /j/, etc. dá lugar a unha lingua funcional distinta da dos falantes galegos sen estes trazos), e mesmo diafásicos (eu mesmo utilizo unha lingua funcional distinta agora que me estou dirixindo a vostedes da que utilizo cando me dirixo ós meus pais e fago uso do seseo, do cheísmo, etc., etc.).

A realidade plurisistemática dunha lingua pódese observar tanto no plano fonético (os distintos subsistema de sibilantes, a gheada e as súas consecuencias na rama velar do consonantismo, a metafonía, etc. son fenómenos que repercuten no nivel sistémico da lingua), no morfosintáctico (compárese por exemplo o subsistema cheísta no pronome persoal de segunda persoa, fronte ó teísta e ó distinguidor dunha forma para o complemento directo e outra para o indirecto), e mesmo no léxico semántico (onde non só se detectan diferencias denominativas, como *fungueiro* / *estadullo*, senón tamén diferencias

que responden a unha distinta visión do mundo ou a unha diferente estruturación da realidade, como se pode observar na segmentación das partes do día ou na distribución das comidas do día).

### *1.2. As linguas como depósito da historia dos pobos*

As linguas actuais son o resultado da superposición e do contacto histórico de distintos pobos que falaban linguas distintas. Por exemplo na constitución histórica do galego podemos distinguir, por baixo do latín, un substrato preindoeuropeo e un substrato indoeuropeo; e, por riba do latín, un superestrato xermánico, un superestrato árabe... Todos estes pobos deixaron algunha pegada na lingua actual, por iso falamos de distintas capas ou estratos dentro dunha lingua. Aínda que a maioría dos restos de substrato e superestrato coñecidos na lingua actual pertencen ó léxico, por ser este o ámbito no que é máis fácil identificala orixe, non hai dúbida de que tamén na fonética e na morfosintaxe as linguas de substrato e de superestrato tiveron que deixar tamén as súas pegadas. Moitos trazos (léxico-semánticos, fonéticos ou morfosintáticos) de cada unha destas linguas desapareceron da variante común do galego, onde foron substituídos por outros innovadores que os acabaron relegando, pero quedaron agachados nas falas de certas zonas dialectais ata o día de hoxe. Por iso dicimos que a análise da riqueza dialectal nun determinado momento sincrónico da lingua permítenos descubrir restos de etapas históricas anteriores.

### *1.3. Tratamento estático / dinámico no estudio do léxico*

Tradicionalmente a historia do léxico fíxose desde un punto de vista estático ou, todo o máis, tratando de documentalo primeiro aboamento dunha voz, a través da análise da documentación escrita. Son moi frecuentes as referencias de tipo cronolóxico referidas a unha palabra, indicándonos cando foi documentada por primeira vez ou, no caso daquelas xa desaparecidas, cando se deixou de utilizar, xeralmente nos textos de carácter literario. Pero, raramente se nos dá información sobre os elementos existentes no campo nocional no que se insire, sobre a competencia sinonímica existente, sobre o proceso de expansión, etc. Raramente se lle deu a este estudio un tratamento dinámico, tendo en conta que tanto nas épocas pasadas (para as que dispoñemos ás veces dun amplo material de arquivo) como na época moderna, unha palabra non só naceu, senón que se expandiu, combateu por facerse cun lugar desprazando outras, etc.

As linguas son realidades vivas, nas que as palabras loitan por conseguir un lugar no sistema e un lugar no espacio xeográfico. Cando aparece unha voz nova, sexa esta un préstamo ou unha innovación xerada no interior do propio sistema, a pelexa adoita ser longa e dura, con avances e retrocesos.

Moitas veces ten que atacar sinónimos e eliminalos (ou desprazalos semánticamente). Outras veces non consegue impoñerse e pode vivir marxinalmente durante moito tempo, ou mesmo desaparecer sen deixar rastro nin no léxico literario nin nos dialectos.

*1.4. A visión horizontal dos mapas lingüísticos. Necesidade de complementala coa visión en profundidade*

Os mapas lingüísticos infórmanos a primeira vista da área ocupada actualmente por unha palabra, e sobre a que ocupan outras utilizadas nun determinado momento sincrónico para designa-lo mesmo concepto ou obxecto. Os mapas lingüísticos non nos ofrecen indicacións completas sobre a profundidade das diversas capas, a súa estrutura interna, a súa conformación, pero o estudo da súa distribución, dos seus afloramentos pode permitírnos tamén ve-la sucesión no tempo. De tódolos xeitos debemos ter presentes que as reconstrucións que nos permiten face-los mapas lingüísticos só son completas no plano horizontal (o do espacio) pero non no vertical (o da duración).

Para estudia-la historia dunha palabra ou dun concepto expresado por diversas palabras cómpre efectuar sondaxes na historia da lingua, e examinar cuestións como as seguintes: cáles foron as formas da palabra ó longo da historia; cá foi a fortuna das outras voces que expresaban o mesmo concepto ou que designaban o mesmo obxecto; durante canto tempo tal palabra, nun lugar ou nunha rexión dados, foi utilizada para representar tal idea.

*1.5. A estratigrafía lingüística*

Coa finalidade de dar resposta a preguntas deste tipo xurdiu a estratigrafía lingüística como unha rama da xeografía lingüística. A estratigrafía lingüística pretende, a partir dos datos achegados por un mapa lingüístico, *distingui-las capas sucesivas de palabras que coexisten actualmente nun espacio, defini-las súas relacións e reconstruí-la súa xénese.*

Xa Jud, no ano 1907, fala de estratigrafía para referirse ás distintas capas léxicas que observa ó estudia-las denominacións de *scier* 'serrar'. Pouco máis tarde, Dauzat, na súa obra *La géographie linguistique* (Paris, s.d.) volve a utiliza-lo termo nun sentido idéntico ó de Jud. Pero probablemente fose Paul Aebischer, en *Études de stratigraphie linguistique*, quen con maior precisión definiu o concepto e o método da estratigrafía lingüística. Para Aebischer, a estratigrafía non só debe dar conta da sucesión das capas, senón tamén da súa forma, a súa consistencia, a súa idade e a súa duración (ou, se se prefire o seu espesor).

### 1.6. A neolingüística ou lingüística espacial

Tamén, co establecemento das súas normas areais, a neolingüística ou lingüística espacial tratou de poñer en relación o plano horizontal ou espacial co plano vertical ou cronolóxico. No exame dun mapa lingüístico, e a partir da análise da distribución das formas no espacio, podemos atopar indicios sobre a súa cronoloxía relativa.

A neolingüística, especialmente como a formulou Bartoli, tivo o valor de tratar de establecer uns principios máis ou menos sistemáticos para establece-la maior ou menor antigüidade dunha capa con respecto a outra. Estes principios foron moi criticados porque foron interpretados como leis, e non como tendencias de carácter máis ou menos xeral. Vexamos sinteticamente cales son estas normas areais:

a) Área máis illada. A forma lingüística da área menos exposta á comunicación é a máis antiga:

SARD	IBERIA	GALIA	ITALIA	DACIA
<i>senex</i>	vetulus	vetulus	vetulus	vetulus
<i>ager</i>	campus	campus	campus	campus
<i>magnus</i>	grandis	grandis	grandis	(mare)
<i>cras</i>	mane	mane	mane	mane
<i>cantat</i>	canta(t)	canta(t)	canta(t)	canta(t)
<i>dekem</i>	detfem	detfem	detfem	detfem

b) Áreas laterais. Se áreas periféricas distantes entre si presentan unha forma lingüística e a área central compacta presenta outra, a primeira é a máis antiga:

IBERIA	GALIA	ITALIA	DACIA
<i>fervere</i>	bullire	bullire	<i>fervere</i>
<i>equa</i>	caballa	caballa	<i>equa</i>
<i>magis fortis</i>	plus	plus	<i>magis</i>

c) Área maior. A área maior conserva xeralmente a fase anterior, a non ser que a área menor sexa a máis illada ou sexa a suma de áreas laterais:

IBERIA	GALIA	ITALIA	DACIA
cor	cor	cor	<i>anima</i>
furnus	furnus	furnus	<i>coctorium</i>
somnium	somnium	somnium	<i>visum</i>
mensem	mensem	mensem	<i>luna</i>
frigidum	frigidum	frigidum	<i>recens</i>

d) Área tardía (colonial). A área incorporada máis tarde a unha lingua conserva unha forma máis antiga có centro da mesma lingua. Por ex.: o romanés, última lingua románica en formarse, conserva o tipo latino clásico CEPA > *ceapă*, mentres que o it. ten a forma diminutiva máis recente CEPU-LLA > *cipolla*. O que pretende poñer de manifesto esta norma é que as últi-

mas áreas afastadas incorporadas a unha lingua, seguen dificilmente as innovacións posteriores.

e) Fase desaparecida (fase moribunda). Se de dúas formas unha é rara e limitada a certas frases feitas, e a outra é usual e frecuente, a rara é a máis antiga. En realidade non é unha norma areal, nin é sincrónica, tal como foi formulada por Bartoli. De aí que fose reformulada por Giuliano Bonfante, que a denominou fase “moribunda”. Por ex., en fr. os descendentes de *caput* son máis raros cós de *testa* (pero dise aínda *branler le chef*, ou, en senso metafórico, *chef d'oeuvre*, *chef d'état*...).

#### *1.7. A distribución no espacio debe ser complementada por outros medios*

Raramente a información espacial nos ofrece datos suficientes para examina-las vicisitudes experimentadas por unha palabra, de aí que a distribución no espacio deba ser completada con outro tipo de datos, como son os proporcionados pola toponimia e a onomástica en xeral, e sobre todo coa documentación histórica, entendida esta no seu sentido máis amplo: (a) Documentación das formas en cada época histórica para observa-la relación cronolóxica entre elas. Se ben é certo que os datos dos textos tampouco son infalibles, moitas veces permítennos ve-la situación na que viviu unha palabra, en que época coexistiu con outras, e segui-lo proceso da loita pola supervivencia ou mesmo o reparto do territorio, sexa xeográfico ou sexa semántico (cando se produce unha especialización de significado). (b) Documentación da historia dos pobos e da súa cultura, pensamento, institucións, etc. (c) Documentación da historia dos obxectos, da súa forma, da importancia que teñen nun momento determinado...

#### *1.8. Dous exemplos de distinta amplitude xeográfica: luns no territorio románico e píntega no dominio lingüístico galego*

De maneira que pretende ser ilustrativa imos examinar, a modo de exemplo, as denominacións románicas para designa-lo primeiro día laborable da semana (*luns*), e os nomes cos que se coñece en galego a *píntega*. Deste xeito teremos ocasión de examina-las denominacións dentro dun dominio amplo, como é a Rumania, e dentro dun dominio lingüístico pequeno, como é o territorio de fala galega.

### 2. LUNS NA ROMANIA

Os nomes con que se designa o primeiro día da semana nas distintas linguas románicas podémolos clasificar nos seguintes grupos (*vid.* Mapa 1): (a) denominacións con base nos planetas (en cor azul); (b) denominacións de orixe cristiá (en cor vermella); (c) outras denominacións.



Mapa 1: Denominacións con base nos planetas / de orixe cristiá

### 2.1. Denominacións con base nos planetas

As denominacións con base nos planetas ocupan case toda a Romania, excepto Portugal, unha parte de Galicia, unha pequena zona do Friuli e algúns puntos do Sur de Italia. Parece que este modo de nomea-los días con nomes de planetas é de orixe asirio-babilónica, e que foi introducido en Roma polos astrónomos caldeos. Na Romania van ter continuación basicamente tres tipos que xa existían en latín, pero con vitalidade diversa:

a) *Dies lunis* (lat. DIES LUNAE). É o tipo máis frecuente no lat. vg. Era o máis estendido nas linguas románicas, pero viu reducida a súa área de dúas maneiras: pola perda de espacio en época relativamente tardía ante a expansión innovadora LUNIS DIES; pola expansión da forma elíptica LUNIS, con eliminación de DIES (*vid.* Mapas 2 e 3).

b) *Lunis dies* (lat. LUNAE DIES). Hai quen pensa que esta era a forma máis normal en lat. e que se substituíu por DIES LUNIS no momento en que o protorromance abandonou a construción *xenit. atribut. + subst.* pola de *subst. + xenit. atribut.* Pero isto está en desacordo con datos históricos: as rexións que teñen hoxe LUNIS DIES ou LUNIS tiñan antigamente DIES LUNIS (*vid.* Mapa 4).



Mapa 2: Tipo DIES LUNIS



Mapa 3: Continuadores actuais de DIES LUNIS: cat., occ., fiprov.

No norte de Francia houbo unha progresión de *lundi* a costa de *delun*. A. Henry demostrou que *lundi* vai desprazando *delun* ata a imposición total a finais do XIV. *Lundi* introdúcese primeiro nos documentos de xente de cultura elevada, e *delun* vai quedando relegada ós textos que reflicten un medio cultural máis modesto. ¿Por que esta substitución? Probablemente por influencia francona: o xermánico tiña a mesma orde (cfr. al. *Montag*, *Dienstag*..., onde *-tag* = 'día').





Mapa 4: Continuadores de LUNIS DIES: *oil, it.*

Tamén en Italia se produciu unha progresión das formas *lunedì* a costa do tipo *dies lunis*. Rohlfs demostrou que en Italia as rexións que hoxe teñen “*lunedì*” tiñan antigamente o tipo “*dies lunis*”. Isto levou a Nykrog a pensar que en certas zonas italianas a serie orixinal era *lune, marte* e que unha tendencia a prescribi-los nomes en *-di* daría lugar a *lunedì, martedì*, hipótese que facilitaría a explicación da falta de síncope da vocal átona interna en *lunedì*. A aparición destas novas formas deberíase, segundo Rohlfs, á influencia francesa na época de Carlomagno ou no tempo das Cruzadas, e a súa extensión viría a través da lingua escrita e o italiano oficial.



Mapa 5: Continuadores actuais de LUNIS: *rom., occ., its., itm., sardo, esp., gal.*

c) *Lunis*. Trátase dunha forma elíptica de DIES LUNIS, que probablemente se xerou de maneira independente en cada unha das zonas entre os séc. VII e X (vid. Mapa 5).

## 2.2. Denominacións de orixe relixiosa-eclésiástica

A igrexa cristiá quixo borra-los nomes pagáns nas comunidades cristiás. E existe constancia de manifestacións virulentas contra estes nomes de personaxes destacados do mundo eclésiástico. Falastrio (a. 380) manifesta no ano 380: *habenda est haeresis quae dicit nomina dierum Solis, Lunae... Saturni...* En termos semellantes se expresa San Agustín (*Quarta sabbatorum, quarta feria, qui Mercurii dicitur a paganis et a multis Christianis, sed nollemus atque utinam corrigant et non dicant sic...*). E Caesarius, bispo de Arles, quen os cualifica de *sordidissima nomina*, ó tempo que exhorta a evitalos por seren nomes pagáns.

a) Denominacións de orixe cristiá: evolución do proceso. Nos primeiros tempos a igrexa adopta o sistema baseado no *sábado*, tipo πρώτη σαββάτου ‘primeiro (despois) do sábado’, δευτέρα σαββάτου ‘segundo (despois) do sábado’...

No séc. II prodúcese un intento dos grupos cristiáns de independizarse do rito xudeu: abandonan a festa do sábado e celebran o día seguinte coma o día do Señor. Deste xeito vaise constituír un novo sistema: SABBATUS, DIES DOMENICA, SECUNDA SABBATI, TERTIA SABBATI, etc.

Nesta situación prodúcese a irrupción de FERIA, voz que ata o séc. III significaba “día santo”. Os primeiros cristiáns adoptárona para indicar unha festividade (fóra do día dedicado ó Señor) en que non se traballaba. A partir do significado de “festa que non cae en domingo” vai adquiri-lo de “non domingo”, e por conseguinte “día laboral”. Con esta nova acepción de ‘día laboral’ FERIA vai substituír a SABBATI, e vaise crear unha serie: FERIA SECUNDA ou SECUNDA FERIA, FERIA TERTIA... Houbo un intento de impoñer estas formas en toda a cristiandade occidental, pero estes esforzos acabaron nun relativo fracaso, xa que este tipo de denominacións só logrou triunfar permanentemente en Portugal.

b) Outro sistema numerativo de orixe cristiá. Na zona do Friuli e na costa dalmática, quizais promovido pola igrexa oriental, apareceu outro sistema de cómputo dos días con base no *domingo* (en vez do sábado). Así o luns será o PRIMUS DIES (fri. *prindi*) despois do domingo.

c) As formas gregas do sur de Italia. As formas *deftéra, destéra* son continuadoras do gr. δευτέρα ἡμέρα.

d) Distribución das formas de influencia eclésiástica. Hoxe na Rumania só atopamos continuadores destes sistemas de influencia eclésiástica que toman como punto de referencia o día dedicado ó Señor (sexa este o sábado

ou o domingo) no portugués (con algúns restos no galego), nalgunha zona do Friuli e no grego do sur de Italia (*vid.* Mapa 6).



Mapa 6: Denominacións de influencia eclesiástica.

### 3. UN EXEMPLO GALEGO: A PÍNTEGA

As salamandras ou pínegas son batracios, con cabeza e tronco diferenciados, catro extremidades e rabo longo. A máis coñecida en Galicia é a salamandra común, de cor negra con manchas amarelas ou alaranxadas.


#### 3.1. As denominacións: principais tipos

Nas denominacións destes batracios en galego podemos distinguir catro grandes tipos, que aparecen repartidos xeograficamente tal como se presentan no Mapa 7:

a) Prerromano (en cor negra). As formas *sabandilla*, *sabandixa*, *sabanduxa*, *sarabanduxa*, *salabanduxa*... están relacionadas coa voz prerromana hispánica \*SEVANDILIA ou \*SEGUANDILIA. Pero probablemente tamén denominacións do tipo *sacarrancha*, *sacaveira*, *sapagueira* sexan remotivacións doutras voces prerromanas con *s-k* (*cf.* vasco *suskandel*, *sugekandera*...).

b) *Salamanca* e derivados (en cor vermella). Coa romanización entra a voz lat. SALAMANDRA, que tiña o inconveniente de ser unha palabra totalmente opaca. Por iso se ve axiña alterada polo case parónimo SALAMANCA e derivados, producíndose unha interferencia do nome latino co da cidade. ¿Por qué esta interferencia? Existía a crenza de que a píntega, como espírito do lume (considerábase que era incombustible), desempeñaba un gran papel na al-

quimia e a maxia medievais. E para o vulgo a Universidade de Salamanca era a sede principal das actividades nigrománticas.



Mapa 7: Denominacións galegas da píntega

c) Lat. \*PINCTA (en cor verde). O lat. vg. \*PINCTA está formado sobre o part. de PINGERE. O nome fai referencia ás manchas que caracterizan a pel deste animal. Máis éxito có propio *pinta* acadaron os derivados *píntega* e *pinchorra* (coas variantes *pinchorla* e *pinchobra*).

d) Lat. POTIONE (en cor azul). As formas *pozoña*, *pezoña*, *pesoia* e *pezoira* están todas emparentadas co lat. POTIONE ‘bebida’ > ‘beberaxe velenosa’ > ‘veneno’. A píntega é, segundo a crenza popular, a responsable do “aire” que leva o seu nome, e que se manifesta en distintos tipos de lesións cutáneas. É xa unha crenza moi antiga. O propio Plinio o Vello dicía:

Entre tódolos animais velenosos, as salamandras son os máis malignos. Poden destruír pobos enteiros se non se precaven. Cando agatuña a unha árbore envelena tódolos froitos, e quen os come morre de frío.

### 3.2. A superposición dos estratos

As denominacións máis antigas son sen dúbida as de orixe prerromana (*sabandixa*, *sapagueira*...), que probablemente ocuparían a maior parte do territorio galego, se temos en conta que aínda hoxe hai continuadores destas

formas na parte occidental e na nordoriental de Galicia, que son pegadas dunha área que noutras épocas debeu de ser continua. Sobre este substrato prerromano superporíase o nome latino *salamandra*, que quizais non fose nunca voz moi popular e que resultaba totalmente opaca semanticamente, o que facilitou o triunfo dos seus case parónimos *salamanca* e *salamántiga* cando surxiron estas denominacións como consecuencia das actividades alquimistas e de maxia que a xente identificaba co que se facía na Universidade de Salamanca. Estas innovacións triunfaron na zona de Galicia máis próxima ás provincias de León e Zamora, por onde probablemente penetraron, pero non chegarían ó resto do territorio galego, onde a capacidade creadora do pobo inventou novas denominacións baseadas nas características deste batracio que máis lle chamaban a atención: as súas manchas amarelas, ás que se deben os nomes *pinta*, *píntega*, *pinchorra...*, e a crenza en que é un animal moi venenoso, que está na base dos nomes tipo *pesoia* ou *pezñoia*.

#### 4. CONCLUSIÓN

O exame da distribución dos distintos tipos de denominacións ó longo dun territorio permítenos ve-los estratos que se foron superpoñendo ó longo da historia, e cómo estes estratos, a pesar de seren creados en épocas distintas, frecuentemente con moitos séculos de distancia, se seguen mantendo aínda hoxe na realidade sincrónica da lingua.

Pero cada un destes estratos non se pode entender na súa importancia, na súa motivación nin na súa duración sen acudir ó exame da documentación das formas, e da historia en toda a súa complexidade (evolución dos feitos, ideas, obxectos...). En determinados casos pode ser tamén de grande axuda o exame da onomástica. Non podemos entende-los grandes sistemas de denominación dos días da semana na Romanía sen acudir á historia e, particularmente, á historia da igrexa e o seu empeño en desterra-lo sistema pagán baseado nos nomes dos planetas. Como non podemos comprender en todo o seu valor connotativo cada un dos nomes da píntega en galego, se non acudimos ó exame das características físicas deste batracio, e á historia da cultura que nos explica unha serie de crenzas que están na base de certas denominacións, como a do seu carácter venenoso ou a súa relación coa alquimia e a maxia medievais.

As palabras teñen un significado denotativo que está ó alcance de case tódolos falantes. Pero só os que coñecen a súa historia están en condicións de gozar dunha gran riqueza de connotacións que lle veñen dadas polas circunstancias en que se creou e nas que se desenvolveu.